



**ASUNTO: Circular para informar da necesidade de por a disposición da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a aula CeMIT para a realización das probas da certificación galega en competencias dixitais.**

ANTECEDENTES

Que o 2 de setembro de 2021 se asina o decreto 123/2021 polo que se regula o Marco Galego de Competencias Dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, onde se establecen os requisitos, criterios e procedementos para a súa obtención.

Neste decreto, concretamente no seu artigo 13 punto 1, entidades públicas colaboradoras, establécese o seguinte:

A Escola de Administración Pública de Galicia (EGAP), a Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) e as outras escolas de formación do persoal da Administración xeral de Galicia e do seu sector público, **así como a propia Amtega a través das aulas da Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) cooperarán, no seu ámbito de competencia, na execución das actuacións para a xestión da certificación en competencias dixitais, e están habilitadas e autorizadas para a formación e avaliación para a súa obtención.**

E tendo en conta o anterior, informase que:

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), a través da Rede CeMIT, ten previsto ofertar á cidadanía a posibilidade de obter a nova **certificación en competencias dixitais (COMDIX), no seu nivel Iniciación**, mediante a realización de probas de certificación presenciais naqueles concellos que contan cunha aula CeMIT.

Para lograr unha maior cobertura desta iniciativa fronte a demanda prevista, é necesario que as entidades locais que contan cunha aula CeMIT **colaboren na posta a disposición da súa aula** así como presenza dun responsable desta, **para a realización de ditas probas de certificación durante un mínimo de 4 convocatorias ao ano**, involucrándose na difusión e captación de usuarios/as, así como na supervisión dos exames.

Proximamente, os/as responsables das aulas serán convocados/as a unha reunión por videoconferencia onde se expoñerá a calendarización prevista, así como os detalles do programa de autoformación que se abrirá cara a facilitar a preparación destas probas polas persoas interesadas, co obxecto de que identifiquen a súa dispoñibilidade.

En Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2024.